

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 1 de marzo de 2013

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D^a Olga Alonso Suárez

NON ASISTEN:

D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez

Invitados:

D. David Regades Fernández
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e cinco minutos do día un de marzo de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a todos os membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Álvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(169).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA

A Xunta de Goberno Local acorda ratificar a urxencia da sesión

2(170).- RECEPCIÓN DEFINITIVA DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DA UE I-02 REGUEIRO. EXPTE. 5072/401.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co acordo do Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo do Excmo. Concello de Vigo, sesión ordinaria do día 01.03.2013, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Recibir definitivamente as obras de urbanización da U.E. I-02 Regueiro, segundo o Proxecto de Urbanización definitivamente aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 22.10.2007, redactado polo arquitecto D. Borja Ramilo Méndez con data de visado do COAG de 27.04.2006.25.05.2006, 26.07.2006, 09.01.2007, 13.02.2007 e 11.04.2007, de conformidade co informe do Directo Adxunto dos Servizos Técnicos do día 12.02.2013.

Segundo.- Comunicar á propiedade que será responsable da conservación da urbanización ata a constitución dunha entidade urbanística de conservación formada por todos os propietarios do ámbito ou ata que, dito deber, ao afectar a unha única parcela, sexa asumido pola comunidade de propietarios constituída en réxime de división horizontal, de acordo co artigo 2.3.5 do PXOM/08 e a lexislación de aplicación.

Terceiro.- Notificar o presente acordo á interesada, significándolle que o presente acordo pon fin á vía administrativa e fronte ao mesmo pode interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes, ou alternativamente, recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo desta cidade, no prazo de dous meses, contados ambos dende o día seguinte a súa notificación, sen prexuízo do exercicio das accións legais que procedan en defensa dos seus intereses.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo aos Servizos Técnicos da XMU, á OSPIO, ao Servizo de Montes Parques e Xardíns, ao Servizo de electromecánicos, ao Departamento de Mobilidade, Transporte e Seguridade e ao Servizo de Limpeza para o seu coñecemento e efectos oportunos.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

rs.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.